

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 24 de xullo de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1214).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1215).- ADXUDICACIÓN DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN E DA SEMANA GRANDE DE VIGO- 2008. EXPTE. 2769/335.

O presente expediente retírase da orde do día.

3(1216).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “ELIMINACIÓN DO BOMBEO DE RESIDUAIS NA RÚA SEARA”. EXPTE. 759/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 21.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra ELIMINACIÓN DO BOMBEO DE RESIDUAIS NA RÚA SEARA.

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria Obras y Construcciones Dios, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).”

4(1217).- PROXECTO “MODIFICADO Nº 1 DE REPARACIÓN DE BEIRARRÚAS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO”. EXPTE. 756/443.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 17.07.08, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar tecnicamente o proxecto de “MODIFICADO Nº 1 DE REPARACIÓN DE ACERAS EN EL TERMINO MUNICIPAL DE VIGO”, cun orzamento total base de licitación de CERO EUROS (0,00 euros).”

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.